

Disponibilidade da aula.

Tal e como comentaba na práctica 1, o grupo ao que vai dirixida a experiencia ten 30 alumnos e na aula que teñen asignada non hai ordenadores polo que temos que recurrir a outro espazo.

No laboratorio de química hai 4 ordenadores. A biblioteca conta con 7 ordenadores, descartamos estas opcións porque ademais de ser poucos non están en moi boas condicións, son vellos e moi lentos. A aula de tecnoloxía ten 12 equipos máis o do profesor, conectados en rede, con conexión ADSL e co Windows 2000, pero a dispoñibilidade horaria escasa.

As opcións máis factibles son a aula de informática xunto con outra que foi dotada con equipos para os ciclos de comercio que hai no centro. Xa está feita a petición de horario á dirección e ao dinamizador TIC e a estas alturas non hai un horario asignado, sen embargo non parece que vaíamos ter problemas.

Características dos ordenadores.

Na aula de informática hai 17 ordenadores máis o do profesor. Na aula dos ciclos hai 20 aparatos máis o do profesor. Os equipos son recentes, teñen todos o sistema operativo Windows XP.

Creo que non será necesario pero tamén estarían dispoñibles un par de portátiles para utilizar en practicamente calquer momento do curso, bastaría con solicitalos coa suficiente antelación.

Tamén cómpre ter en conta que os equipos destas aulas posúen o *drive shield*, un programa de protección de escritura en disco duro, polo que se queremos instalar neles calquer arquivo para máis dunha sesión, debemos antes desactivar ese protector. Para isto conto coa colaboración do dinamizador TIC do centro.

Agrupamento dos alumnos na aula.

Nos anos anteriores os grupos de 4º da ESO non chegaban aos 20 alumnos polo que esperaba poder colocar un alumno en cada ordenador. Como o meu grupo ten 30 alumnos e temos dispoñibles 17 ou 20 ordenadores non nos queda máis remedio que asignar varios grupos de 2 persoas por equipo. Como non coñezo á maioría dos alumnos non teño establecida a distribución exacta pero farase de forma que usemos todos os equipos. Preferiría que cada alumno tivese o seu pero non hai alternativa.

Distribución dos equipos.

A distribución dos ordenadores é, nas dúas aulas, en filas mirando á pizarra, sen posibilidade de modificala.

Conectividade á rede Internet.

Os ordenadores están conectados en rede e tamén dispoñen dunha conexión ADSL cun historial de bo funcionamento. De todas formas o material para o desenvolvemento da maior parte das clases estará instalado no disco duro.

Outros medios didácticos.

Práctica 2

Tanto na aula de informática como na de ciclos ademáis da pizarra dispoñemos dun canón de proxección e unha pantalla.

Os ordenadores teñen instalado o programa VNC que permite controlar desde o do profesor o que se está facendo noutro equipo da aula.

Xa noutra aula dispoñemos dunha pizarra electrónica que usaremos en dúas sesións intercaladas para manter un ritmo de traballo mínimo para todos e para aclarar ideas e repasar os conceptos e procedementos aprendidos co ordenador.

O instituto dispón dunha páxina web actualizada que podemos usar para colgar aplicación de Descartes para que os alumnos con conexión poidan traballar na casa. Hai un profesor encargado do mantemento desta páxina ao que lle podemos encargar que coloque o material necesario no espazo que o departamento de matemáticas ten na web. A este respecto, tan pronto como comencen as clases será conveniente determinar cantos alumnos teñen acceso a este recurso. A dirección da web: <http://centros.edu.xunta.es/iespintorcolmeiro/>.